

abaixo e á esquerda
está o corazón

Altermundo

GALICIA HOXE | DOMINGO, 27 | FEBREIRO 2011

CONDENADOS Á ESPERANZA

Sexa o non legalizado o partido abertzale 'Sortu', o vieiro marcado é froito dunha seria reflexión e debe ser irreversible



IMANOL
DORCA
Altermundo

"Bakerantz, legalizazioa" Cara á paz, legalización. Ese foi o lema da manifestación que congregou a ducias de milleiros de persoas a marchar en silencio o sábado pasado

polas rías de Bilbao. Malia que este tipo de estimacións adoitan ser subxectivas, é un sentir xeneralizado ou maioritario no País Vasco que a legalización de Sortu non é só un paso necesario cara un futuro de paz, senón que é absolutamente irrexitábel. Irrexitábel por cumprir escrupulosamente as premisas que os dous partidos maioritarios do Estado impuxeron coa Lei de Partidos á esquerda abertzale para poder presentarse ás eleccións.

Non teño eu nada claro que vaia ser así, xaora que dubido que legalicen o novo partido *Sortu*. Lembremos. Hai 10 meses saíu a sentenza do "caso *Egunkaria*" –do que, por certo, aínda está pendente o suma-

Audiencia Nacional, dáselle verosimilitude á presenza de torturas nos interrogatorios. O caso remata cun xornal pechado e ningunha responsabilidade xudicial, policial ou política. Arrepía falar con xente na rúa, informada ou desinformada, que aínda hoxe non sabe de que estamos a falar ao mencionar *Egunkaria*.

Ao que íamos, cando a primeiros de febreiro a esquerda abertzale presentou os estatutos da nova formación política *Sortu*, as primeiras reaccións en certos medios maioritarios foron de sorpresa, asumindo que a esquerda abertzale foi moito máis aló do esperado e que ía ser moi difícil que o Estado atopara argumentos para non dar luz verde á legalización. Mesmo as primeiras enquisas nas edicións dixitais deses medios amosaban resultados favorábeis á legalización. Coma no caso *Egunkaria*, as primeiras consignas non se ían demorar e dubido que as mesmas enquisas nos mesmos medios tiveran hogano os mesmos resultados que hai dúas semanas. E coma no caso *Egunkaria*, esas primeiras reaccións quedan no esquecemento. O mesmo *modus operandi*: Sor-



partido non represente continuidade de coas forzas políticas anteriormente ilegalizadas. Oskar Matute, voceiro de *Alternatiba*, declaraba hai uns días, e con moita razón, que "desde o Estado español estase aducindo que un sector social que antes non funcionaba ou que antes non asumía uns determinados parámetros estatutarios, unha vez que os asume, siga penado por ser ese mesmo sector social e non polo que non cumpría antes". Nada novo baixo o sol, as regras adaptanse ás circunstancias.

Parece demostrado que a Lei de Partidos é unha lei *ad-hoc*, non é unha lei para todos. Un exemplo máis: hai uns meses houbo unha concentración de apoio a Arnaldo Otegi fóra da cadea de Logroño. Moi preto de alí unha persoa recibiu unha tremenda malleira e tivo que ser hospitalizada. Os agresores pensaban que se dirixía á concentración, e este mes *Alianza Nacional* laiábase na súa web, entre outras, desta "acción directa" [2]. Ben sei que é un partido residual, mais, malia facer apoloxía da violencia, non ten impedimento algún en poder participar nas eleccións. As regras do xogo mudan e seica non son iguais para todos.

E, malia todo, son optimista de cara ao futuro. *Esperantzara kondenatua* –condenado á esperanza–, como na canción do músico vasco Gari. Porque, con legalización ou sen ela, é evidente que o vieiro marcado é serio e irreversible. Porque se deron pasos que nunca antes se deran. Porque é froito dunha longa e fonda reflexión no seo das súas bases. Porque a esquerda abertzale vai da man doutras forzas políticas, sociais e civís, que viron a necesidade de arriscar. E, con perdón, porque os tempos son chegados. ●

[1] www.berria.info/dokumentuak/dokumentua599.pdf

[2] www.lostuyos.net

+INFORMACIÓN:

Lokarri (www.lokarri.org)
Berria (www.berria.info)
Gara (www.gara.net)
Blog de Imanol Murua Uribe (imanolmurua.blogspot.com)
Blog de Oskar Matute (oskarmatute.wordpress.com)

AGORA QUE SORTU DÁ O PASO TRASCENDENTAL DE CONDENAR DE XEITO DIRECTO E EXPLÍCITO A LOITA ARMADA EN XERAL E A VIOLENCIA DE ETA EN PARTICULAR, SEICA AS REGRAS MUDARON. A LEI DE PARTIDOS É UNHA LEI AD-HOC, NON É UNHA LEI PARA TODOS

rio económico–, pola que as persoas acusadas eran absoltas de pertenza a ETA e decretaba que non había razóns para o peche do xornal. Baixo as primeiras reaccións de sorpresa e mesmo certa louvanza de medios e políticos españois, ben cedo apareceron as primeiras consignas do tipo "a sentenza demostra que o estado de dereito funciona" ... até chegar ao completo esquecemento.

Que o estado de dereito funciona? Unha lectura calma da sentenza [1] suxeriría precisamente o contrario: asume que se conculcaron os dereitos de liberdade de prensa e opinión e, por vez primeira na

presencia, louvanza, receo, consignas, esquecemento.

Nos últimos anos escoitamos a representantes dos diferentes poderes do Estado –lexislativo, executivo e xudicial, amáis dos mediático e económico– teimar en que a condición fundamental para que a esquerda abertzale puidera optar a ser representada nas eleccións era que condenara a violencia. Ben. *Sortu* dá o paso trascendental de condenar de xeito directo e explícito a loita armada en xeral e a violencia de ETA en particular. Agora seica as regras mudaron. Resulta que o importante non é a condena, senón que o novo



A EUROPA-FORTALEZA SOTERRA OS PRINCIPIOS DA SOLIDARIEDADE INTERNACIONAL



XABIER RON
Responsábel de
movimentos
sociais de EU

As fronteiras non son, de forma imperativa, barreiras infranqueables. As naturais, as que establecen os marcos xeográficos, son máis ben lugares para o paso, para o encontro comercial, para a aprendizaxe relacional.

A historia amosa moi ben como os límites administrativos non son quen de frear o espazo do encontro: así foi entre Galicia e Portugal durante toda a Idade Media, desde que se consolidou o desmembramento do que podería ter sido, quizais, un único país. Outra boa proba é dada pola presenza lingüística: os trazos expáñense e así, por poñer un exemplo que coñeza dabondo, en Taramundi (Asturias) a lingua galega é ben empregada e recoñecida.

As persoas non cren nesas fronteiras administrativas. Pero, desde que nos lanzamos á voráxine neoliberal, esas fron-

teiras multiplicaron a súa forza de rexeitamento e se dotaron de medios físicos dignos de pasados de terror coma os da Inquisición. Así foi como na primeira década deste século XXI nos tiñamos que manifestar e nos viamos na obriga de loitar contra o muro de Ceuta e Melilla, que tinguían de sangue o espazo de encontro entre Europa e África.

Ou podíamos comprobar como a administración e o concepto securitario-policial de fronteira converteron o Mar Mediterráneo nun inferno na terra, nun monstro que abre a boca para tragar milleiros de vidas e proxectos en vez de ser un mar para o encontro cultural e comercial.

Non contentos con elaborar unha Directiva de Retorno, bautizada polas persoas non alienadas como Directiva da Vergoña,



OLMO CALVO RODRÍGUEZ

O TRIBUNAL EUROPEO DE DEREITOS HUMANOS DE ESTRASBURGO TEN POR DIANTE A TAREFA DE DEFENDER O QUE NINGUÉN QUERE DEFENDER

non contentos con desenvolver unha policía de fronteiras –FRONTEX–, non contentos con ningunear aos Dereitos Hu-

manos, non contentos con establecer leis que son puro racismo institucional, Europa mercadea con diñeiro vidas humanas.

Así enténdense os Centros de Internamento para Estranxeiros espallados no Norte de África pagados con diñeiro Europeo; así entendemos a anunciada creación dun muro de 12,5 quilómetros en Grecia; non abraia daquela a permisividade para coa ignominia da muralla que destrúe a dignidade da poboación palestina.

O Tribunal Europeo de Dereitos Humanos de Estrasburgo ten por diante a inxente tarefa de defender o que ninguén quere defender. E os pobos de Europa teñen que volver a voltar ás fronteiras relacionais. Non existen persoas ilegais. E se hai que falar de legalidade, non hai maior ilegalidade que utilizar África como vertedoiro de Europa, seguir cos procesos de colonización encoberta e desbaldir o continente dos seus recursos primarios. ●

TODO O SÓLIDO ESVAECE NA RÚA



RAÚL ZIBECHI
Xornalista
uruguaio
especializado en
movimentos
sociais

As revoltas da fame que sacoden o mundo árabe poden ser as primeiras ondas do gran tsunami social que se está a xerar nas profundidades dos pobos máis pobres do planeta. O fenomenal aumento dos alimentos –58% o millo, 62% o trigo nun ano– están a mudar na espoleta que dinamiza os estoupidos, mais o combustible achégao a brutal especulación financeira que se está a focalizar, novamente, nas materias primas. Algúns prezos xa superaron os picos de 2008, malia que o Banco Mundial e o Fondo Monetario Internacional se mostran incapaces de frear a especulación dos alimentos, coa vida.

Dous feitos chaman a atención na revolta árabe: a velocidade con que as revoltas da fame mudaron en revoltas políticas e o temor das elites dominantes que non atinaron, durante décadas, a outra cousa que non fose resolver problemas políticos e sociais con seguridade interna e represión. A primeira fala dunha nova politización dos pobres do Medio Oriente. A segunda, das dificultades dos de arriba para convivir con esa politización.

O sistema está mostrando sobradamente que pode convivir con calquera autoridade estatal, aínda a máis “radical” ou “antisistema”, pero non pode tolerar a xente na rúa, a revolta, a rebelión permanente. Digamos que a xente na rúa é o pau na roda da acumulación de capital, por iso unha das primeiras “medidas” que tomaron os militares logo que Mubarak marchase a descansar, foi esixir á poboación

que abandonase a rúa e retornase ao traballo.

Se os de arriba non poden convivir coa rúa e as prazas ocupadas, os de abaixo –que aprendemos a derrubar faraóns– non aprendemos aínda como atrancar os fluxos, os movementos do capital. Algo moito máis complexo que bloquear tanques ou dispersar policías antimotíns, porque a diferenza dos aparellos estatais o capital flúe destrritorializado, sendo imposible darlle caza. Máis aínda: atrávesanos, modela os nosos corpos e comportamentos, métese na nosa vida cotiá e, como sinou Foucault, comparte as nosas camas e soños. Aínda que existe un fóra do Estado e as súas institucións, é difícil imaxinar un fóra do capital. Para combatelo non abundan nin as barricadas nin as revoltas.

A pesar destas limitacións, as revoltas da fame derivadas en revoltas antiditatoriais son cargas de profundidade nos equilibrios máis importantes do sistema-mundo, que non poderá atravesar indemne a desestabilización que se vive no Medio Oriente. A prensa de esquerda israelí acertou en sinalar que o que menos necesita a rexión é algún tipo de estabilidade. En palabras de Gideon Levy, estabilidade é que millóns de árabes, entre eles dous millóns e medio de palestinos, vivan sen de-

reitos ou baixo réximes criminais e terroríficas tiranías.

Cando millóns gañan as rúas, todo é posible. Como adoitaacontecer nos terremotos, primeiro caen as estruturas máis pesadas e peor construídas, ou sexa os réximes máis vetustos e menos lexítimos. Con todo, unha vez pasado o tremor inicial, comezan a facerse visíbeis as fendas, os muros cuarteados e as vigas que, sobreexigidas, xa non poden soportar as estruturas. Ás grandes sacudidas suceden cambios graduais pero de maior profundidade. Algo diso vivimos en Sudamérica entre o Caracazo venezolano de 1989 e a segunda Guerra do Gas de 2005 en Bolivia. Cos anos, as forzas que apoñaron o modelo neoliberal foron forzadas a abandonar os gobernos para instalarse un-

ha nova relación de forzas na rexión. Estamos ingre-

sando nun período de incerteza e crecente desorde. En Sudamérica existe unha potencia emergente como Brasil que foi quen de ir armando unha arquitectura alternativa á que comezou a colapsar. A UNASUR é bo exemplo diso. No medio Oriente todo indica que as cousas serán moito máis complexas, pola enorme polarización política e social, pola forte e feroz competencia interestatal e porque tanto Estados Unidos como Israel cren xogarse o seu futuro en soste realidade que xa non é posible seguir apuntoando.

Medio Oriente conxuga al-

gunhas das máis brutais contradicións do mundo actual. Primeiro, o empeño en soste un unilateralismo trasnoitado. Segundo, é a rexión onde máis visíbel resulta a principal tendencia do mundo actual: a brutal concentración de poder e de riqueza. Nunca antes na historia da humanidade un só país –Estados Unidos– gastou tanto en armas como o resto do mundo xunto. E é no medio Oriente onde ese

poder armado vén exercendo toda a súa potencia para apontoar o sistema-mundo. Máis: un pequeno Estado de apenas sete millóns de habitantes ten o dobre de armas nucleares que China, a segunda potencia mundial.

É posible que a revolta árabe abra unha fenda na descomunal concentración de poder que exhibe esa rexión desde o fin da segunda guerra mundial. Só o tempo dirá se se está a cocinar un tsunami tan potente que nin o Pentágono será capaz de surfear sobre as súas ondas. Non debemos esquecer, emporiso, que os tsunamis non fan distincións: arrastran dereitas e esquerdas, xustos e pecadores, rebeldes e conservadores. É, no entanto, o máis parecido a unha revolución: non deixa nada no seu lugar e provoca

enormes sufrimentos antes de que as cousas volvan a algún tipo de normalidade que pode ser mellor ou menos mala. ●

•INFO: Os artigos de Raúl Zibechi pódense en ALAI (alainet.org)



OMAR ROBERT



GOBERNO ESPAÑOL: NON HAI TEITO DO PETRÓLEO?

Ocultación de información e negacionismo oficial anticientífico impiden a actuación urxente para enfrontar unha desfeita social



DAVID RODRÍGUEZ
O funambulista
coco

O blog da nosa asociación (VesperaDeNada.org) publicaba recentemente a resposta do goberno español –na que se demorou 6 meses– a unha pregunta parlamentaria de Izquierda Unida acerca do Teito do petróleo. Na súa demanda de información Gaspar Llamazares esixía saber se o goberno estaba ao tanto das presións estadounidenses para que a Axencia Internacional da Enerxía falsease as previsións de dispoñibilidade de petróleo que oferta anualmente aos países da OCDE, no sentido de eliminar calquera referencia a que o petróleo comezaría a declinar en poucos anos. Esas presións teríanse producido desde 1998, segundo publicaron o ano pasado importantes xornais europeos, e terían ocultado do recoñecemento público a existencia dun Cénit ou Teito máximo da extracción de petróleo –peak oil– que se estaría a producir na actualidade e cuxas consecuencias para a economía mundial serían devastadoras. Tamén recentemente se coñecían por medio de Wikileaks cables que poñían en dúbida as reservas declaradas por un dos meirandes países exportadores: Arabia Saudita. Solicitamos a opinión de tres expertos na cuestión do Teito do petróleo acerca da resposta dada polo goberno de Rodríguez Zapatero e esta cuestión, vital para a sustentabilidade enerxética das economías industriais.

Antonio Turiel, doutor en Física e activo divulgador da cuestión do Teito por medio dos blogs OilCrash.net e CrashOil.blogspot.com, opina que a resposta gubernativa é un “previsible exercizo de evasión” pero contén información reveladora de cal é a súa posición enerxética, que pasa pola “típica lista de medidas de descarbonización da nosa sociedade, aínda que non ofrezca ningún estudo detallado que probe que van funcionar nos prazos precisos”. A Turiel chámalle a atención que o Goberno afirme ter o obxectivo de reducir a intesidade enerxética –enerxía que precisa unha economía para xerar cada euro de PIB– da economía española a un ritmo do 2% durante os vindeiros 10 anos. En opinión deste científico, “o único xeito de conseguir iso é cun decrecemento económico que afecte sobre todo aos sectores que consomen máis petróleo, o que posiblemente é o que xa vai acontecer de todos xeitos. O goberno nega a posibilidade do Peak Oil e apúntase, en troques, á tese cor-

nucopiana de que o que vai haber é un pico da demanda.” Isto quería dicir que non é que non poidamos consumir máis petróleo porque nos quedamos sen el, senón que en realidade consumimos menos porque nos peta, porque xa non nos interesa e temos substitutos: “É o conto da raposa e as uvas”, sentencia Turiel. “Se puede afirmar que, bajo las condiciones de mercado, el petróleo nunca se acabará, sino que se reducirá su consumo porque no será rentable su extracción”, afirma categórico o Goberno na súa resposta parlamentaria.

Para Pedro Prieto, vicepresidente de AEREN (Asociación para el Estudio de los Recursos Energéticos, representante en España da prestixiosa organización internacional ASPO), a resposta tamén era de esperar e resulta mesmo insultante. A teimosía no crecemento económico está na base do problema, segundo Prieto: “A economía é enerxía, e aumentar o PIB esixe despoñer aos demais do deles para podermos manter o noso. O desenvolvemento económico e material que os nosos líderes seguen a considerar imprescindible, non é sostible. Agora estamos, a nivel mundial nunha situación non plus ultra: non hai de onde esquilmar máis para poder seguir mantendo a ficción de que se pode crecer de forma infinita nun mundo finito, por máis que teimen os economistas e a maior parte dos políticos”. Opina que o goberno se equivoca ao basearse na “falacia da intesidade enerxética”, coa que pretende continuar o crecemento. A relación coa cuestión do decrecemento planificado resulta evidente nas palabras de Prieto, quen explica que fóra de España hai algúns políticos conscientes da situación, como Yves Cochet, quen fora ministro francés



será unha realidade” –“la época de crudo barato ha terminado”, pódese ler no texto da resposta gubernativa.

O goberno afirma que: “Por último está el mercado, cuyos

será unha realidade” –“la época de crudo barato ha terminado”, pódese ler no texto da resposta gubernativa.

En canto ás presións estadounidenses sobre a AIE, os tres expertos coinciden en que o goberno non as admite e que amosa unha fe cega nos datos publicados por esta axencia internacional, o can de garda dos países consumidores. Porén, os datos reais van desmentindo as previsións da axencia, que se ve na obriga de rectificalas ano tras ano, e van confirmando a progresión dos prezos nuns dentes de serra ascendentes.

O primeiro pico de prezos foi o do verán de 2008, que causou –ou cando menos disparou– a crise financeira, segundo ten explicado en diversas ocasións o propio Xoán Doldán. Despois, a destrución de demanda e a cai-

da do PIB fixeron caer os prezos, aínda que a un nivel máis alto có anterior ao repunte de 2008. Agora novamente imos en liña rapidamente ascendente, cun prezo do barril Brent que avanza a un ritmo de 80% de incremento anual. Xa se comeza a sentir o impacto nos prezos dos carburantes e despois deles virá o resto das materias primas e produtos elaborados: segundo Doldán isto pode levar ás economías occidentais a unha hiperinflación no caso de que o sector do transporte sexa quen de trasladar os custos aos prezos do seu servizo. En caso contrario o resultado pode ser aínda peor: un colapso no sistema de transporte pola incapacidade de cubrir custes coa conseguinte falta de materiais para o sector produtivo e de produtos para o consumo final –incluíndo os alimentos e outros produtos de primeira necesidade.

A saída da crise económica semella así imposible sen afrontar antes o problema do petróleo minguanter; e para resolver un problema, antes hai que recoñecelo. ●

de medio ambiente no goberno de Lionel Jospin, e autor do libro *Pétrole apocalypse*.

Xoán R. Doldán, economista ecolóxico galego e ex director do INEGA, opina que a resposta dada polo executivo do PSOE demostra que “non queren nin oír falar do teito do petróleo, aínda que ao mesmo tempo recoñecen que o teito do petróleo

mecanismos de incentiación se producen a través de la fijación de precios. A medida que la relación oferta/demanda se vaya tensionando, se moverán al alza los precios, lo cual a su vez servirá de incentivo para la búsqueda de fuentes alternativas.” Segundo Doldán isto significa que “cren na redención polo mercado e queren facermos cre-



www.jubileedebtcampaign.org.uk

A DÉBEDA DE EXIPTO DEBE CAER

A débeda de Exipto e Tunisia debe ser cancelada se a xente que ocupou as rúas do Cairo e Tunisia responsabiliza aos países occidentais desta e quere retomar o control da súa economía.

Para dar algúns datos sobre a cara real dos ditadores, resaltamos que Hosni Mubarak saqueou a economía de Exipto e deixou o cargo con 70.000 millóns de dólares na conta bancaria da súa familia, mentres que deixa como legado ao pobo exipcio unha débeda de 30.000 millóns de dólares. Zine el Abidine Ben Ali deixa 15.000 millóns de dólares de débeda para o pobo de Tunisia, quedando coa máis modesta cantidade de 3.000 millóns para si mesmo. A medida que máis réximes veñan abaixo, estas inxustizas veranse multiplicadas.

Ademais, os verdadeiros acredores de Exipto, Tunisia como doutros países non son realmente os estados occidentais, que utilizaron os préstamos para apoiar aos ditadores do mundo árabe; os verdadeiros acredores son as persoas destes países que sufriron baixo estes réximes. Occidente debería cancelar as ditas débedas dando a coñecer a tipoloxía de préstamos contraídos ante a opinión pública, devolvendo os bens que Mubarak e os seus colegas gardaron en contas de Europa e EUA e cancelando tamén as débedas inxustas de todo o mundo árabe.

Agora é demasiado doado para os dirixentes británicos e americanos emitir cálidas palabras de apoio á xente destes estados policiais que sufriron a corrupción, a tortura e a violación dos dereitos humanos durante décadas. De feito, Tony Blair foi o máis honesto ao valorar a situación. Mentres a maioría de líderes occidentais criticaron a Mubarak axiña – e un preguntase como puido alguén tan



MOTAZ SONBOL

impopular sosterse no poder durante tanto tempo–, o ex Primeiro ministro da Gran Bretaña chamou ao seu aliado de outrora “inmensamente valente e unha forza para o ben”.

Para EUA e Europa, Mubarak era de feito un excelente cliente. [...] Desde 1981, Exipto pagou a equivalente de 80.000 millóns de dólares entre intereses e reembolsos axudando a redistribuír o diñeiro dos pobres de Exipto cara aos países ricos.

A débeda dalgun dos países é, sen dúbida, de natureza militar. Exipto recibe máis apoio militar de EUA que calquera outro país no mundo á parte de Israel. É dicir, máis de 1.000 millóns ao ano desde que Mubarak chegou ao poder en 1981.

[...] Exipto debe hoxe case 160 millóns de dólares ao Reino Unido. Aínda que o Goberno británico negase a dicir de que tipo é a débeda de Exipto, sabemos que ten que ver coas exportacións británicas a través do controvertido Departamento de garantía de créditos de exportación, en gran parte baseados nas vendas que tive-

ron lugar a principios do goberno de Mubarak. Este departamento sombrío cobre o traballo de risco das empresas británicas que traballan no apoio á industria armamentística, aeronáutica e de combustíbeis fósiles. Tunisia enfróntase a unha situación similar.

[...] Así, se as revolucións en Tunisia e Exipto realmente conducen ao comezo dunha nova era de independencia dos pobos deses países e se, como parece evidente, a fásca que se acendeu no norte de África se estende polo mundo árabe, o seguinte paso será facer responsábeis aos ditadores que gobernaron durante décadas de forma cleptocrática e brutal. Ademais deberase tratar de recuperar o diñeiro roubado polos seus antigos gobernantes, isto significa tamén cuestionar a legitimidade da débeda que os manteño no poder. É hora de que os pobos de África rachen as súas cadeas coa débeda que axudou xa dabondo a suprimir a liberdade e o desenvolvemento de toda unha xeración. ● [“Egypt’s debt must fall with Mubarak’s regime”.

Nick Dearden, 16/02/11]



www.carlostaiibo.com

País Vasco: sen marcha atrás

[...] Nun intre no que o lóxico sería que os gañadores dese pulso estivesen exultantes, o que se aprecia por case todas partes é o contrario: un aceno de desgusto acompañado dunha esgrevia desconfianza.



[...] Parece que sobran, con todo, argumentos para concluir que o camiño iniciado non ten, por fortuna, volta atrás. [...] se ETA-Deus non o queira- volvese atentar, o repudio franco desde *Sortu* tería que ser inmediato porque, do contrario, e coas leis vixentes na man, a formación política que nos ocupa volvería inmediatamente á ilegalidade.

[...] na tarefa de dar leccións sobre o rigor da condena da violencia, as forzas políticas españolas que selaron en 1978 un pacto de silencio sobre o franquismo non andan sobradas de credibilidade.

[...] son moitos os que, ao longo dos anos, subliñaron que entre nós todas as ideas poden defenderse a condición de que antes se abandonen violencias e imposicións. Fagamos votos por que ese sexa o escenario que cobre corpo nos vindios anos -non só para defender ideas: tamén para levalas á práctica- e demandemos de todos que estean á altura das circunstancias. Fagámolo en primeiro lugar coa esquerda abertzale, que por fin parece decatarse de que o seu soño dun País Vasco que exercita libremente o dereito de autodeterminación é máis facedeiro da man da confrontación pacífica de ideas que ao amparo dunha colisión violenta na que, logo de sufrimentos inxentes causados a persoas que non os merecían, o adversario demostrou ser moito máis forte e moito máis hábil. ● [“Un periodista alemán”. Carlos Taibo, 18/02/11]

elplural.com

www.elplural.com

A Igrexa contra Vicenç Navarro

O día 6 de xaneiro publiquei un artigo en *Público* titulado “A Igrexa contra Xesús”, no que sinalaba as enormes contradicións que existían entre as ensinanzas de Xesús de Nazareth -que mostran un claro compromiso cos oprimidos e explotados-, e as prácticas da Igrexa católica, -que foi sempre en España un alicerce básico das estruturas de poder responsábeis dunha enorme explotación e opresión ás clases populares. Sinalaba no artigo que un exemplo das alianzas da Igrexa católica española coas forzas oprimentes e explotadoras era o apoio que tal Igrexa deu ao golpe militar liderado polo xeneral Franco e á ditadura que estableceu. [...] Como era predicíbel, a dereita española respondeu ao meu artigo coa agresividade e hostilidade persoal que a caracteriza... ● [“La derecha española y la Iglesia Católica no han condenado el terrorismo”. Vicenç Navarro, 21/02/11]



O DIARIO: www.odiario.info

ALTERMUNDO



As cidades, unha grave ameaza para o planeta

Non existe ningún mecanismo eficaz para deter a expansión das cidades para alén dun correcto tamaño, en termos de área xeográfica.

[...] Por un lado, as nosas cidades moi grandes e superpoboadas tornáronse social e ambientalmente insustentábeis. Do outro, a planificación urbana parece máis preocupada con solucións rápidas que, cunha visión de longa duración de planos de desenvolvemento. A urbanización debe ser sustentábel, non só ecoloxicamente mais tamén socialmente, economicamente e culturalmente. ● [“As cidades do futuro serán habitábeis?”. Mihir Bholey, 12/01/11]

ADITAL: www.adital.com.br

SURVIVAL



A Europa para denunciar os macroproyectos

[...] Pakitzapango, Complexo Madeira e Belo Monte. Estes son os nomes das tres hidroeléctricas que ameazan os territorios e as comunidades indíxenas da rexión amazónica de Perú e de Brasil. Para protestar contra a construción dos proxectos, tres indíxenas da Amazonia foron esta semana a Europa.

[...] a hidroeléctrica de Pakitzapango, no río Ene (Perú), por exemplo, alagará case 100 mil hectáreas e afectará a máis de 10 mil indíxenas ashaninka. ● [“Indíxenas vão a Europa denunciar impactos de projetos hidroelétricos na Amazônia”. Karol Assunção, 23/02/11]

BLOG DUN IRMANDIÑO: raulasegurado.wordpress.com

ED YOURDON



Galiza e os proxectos autónomos de información

[...] Unha sociedade cun nivel cultural alto é aquela que é capaz de, por medio de múltiples mecanismos de expresión (produtivos, lecer, ensino, arquitectónicos, etc...) crear os espazos que dean resposta a súa consciencia colectiva de forma crítica (por sentirse protagonista) e dinámica (ao ser inevitabelmente plural). Mais o ultraliberalismo pretende un adormecemento desta sociedade, unha baixa consciencia colectiva e un castramento do seu dinamismo. [...] ● [“A cultura e a comunicación nun contexto de privatización da información”. Raúl Asegurado Pérez, 22/02/11]

ofunambulista.coxo.blogspot.com

MAGED HELAL



Adeus por fin ao patio traseiro africano

[...] agora que o desprezo ao papel da cidadanía como suxeito político é a moeda corrente..., a praza Tahrir ha quedar para a historia como outro deses lugares máxicos da xeografía da dignidade -ao mesmo nivel que o autobús de Rosa Parks no sur racista americano ou o pazo da moeda de Chile o día que o presidente Allende se comprometeu ata a morte co mandato popular- e encarnará unha nova mostra de que calquera pobo mobilizado arredor dos vellos valores de liberdade, igualdade e fraternidade pode conseguir todo o que se propoña. ● [“Praza Tahrir, un símbolo para a humanidade”. David Rodríguez, 01/02/11]